A presidenta do Parlamento de Galicia asistirá, a próxima semana, a unha reunión da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos

PILAR ROJO INTERCAMBIARÁ EXPERIENCIAS COS SEUS HOMÓLOGOS DOUTRAS COMUNIDADES DE CARA A IMPLANTAR UN PLAN DE AUSTERIDADE NO PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago, 30 de abril de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, participará a próxima semana, na reunión anual da COPREPA (Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos), unha cita que aproveitará para coñecer aos seus homólogos e intercambiar experiencias de cara á implantación, na Cámara galega, dun plan de austeridade.

Na declaración institucional pronunciada o pasado 21 de abril co gallo da solemne sesión de apertura da VIII Lexislatura, Pilar Rojo xa avanzou a súa intención de implantar un plan de austeridade derivado da crise económica actual e encamiñado a eliminar os gastos que non sexan estritamente necesarios para o exercicio das competencias que a Cámara ten encomendadas.

Daquela, a presidenta do Parlamento subliñou que "este non é só un tema ético, senón que tamén afecta o propio sentido da institución parlamentaria. Diciámolo anteriormente: debemos estar na realidade, onde se atope a xente e os seus problemas e inquedanzas. Nun momento de crise económica, a primeira institución representativa debe situarse en primeira liña na loita contra tal crise".

A reunión da COPREPA celébrase este ano en Cartaxena (Rexión de Murcia) entre os días 4 e 5 de maio, 25 anos despois de que a Asemblea Rexional de Murcia acollese a primeira xuntanza da Conferencia Nacional de Parlamentos Autonómicos. O asunto a debate na cita deste ano serán os procedementos de participación das rexións na Unión Europea e o recoñecemento dos parlamentos rexionais e das propias rexións no contexto europeo, cunha atención especial ao principio de subsidiariedade.

NOTA SOBRE A COBERTURA INFORMATIVA:

- A **televisión** autonómica, 7 Rexión de Murcia, efectuará un seguimento completo das actividades a desenvolver durante a COPREPA e porá o seu traballo (brutos compactados, declaracións, etc) a disposición das demais

televisións autonómicas a través de FORTA. Tamén facilitará o dito material, sen custe algún, ás televisións non adheridas a FORTA. Os interesados deben contactar con Francisco Martínez Campos, director de Informativos de 7 Rexión de Mucia, nos teléfonos 968 374000 ou 618293875.

- A **<u>información radiofónica</u>** será cuberta por Onda Rexional de Murcia, a radio autonómica. As emisoras interesadas en dispoñer desta información ou cortes de voz poden contactar con Alberto Soler, director de informativos, no teléfono 968 399009.

(Datos facilitados polos organizadores da reunión)

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA